

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

ORDE do 16 de novembro de 2011 pola que se modifica a composición do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas e tecnoloxía da información.

Unha vez admitidas as renuncias de distintos membros titulares e suplentes do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas e tecnoloxía da información, publicadas pola Orde do 3 de novembro de 2011 (DOG núm. 214, do 9 de novembro), convocado pola Orde da Consellería de Facenda do 21 de xullo de 2011, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 142, do 26 de xullo, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro. Nomear os seguintes membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas e tecnoloxía da información:

– Tribunal titular:

Presidencia: María José García Sexto, persoal estatutario pertencente á categoría profesional de técnico superior de sistemas e tecnoloxías da información do Servizo Galego de Saúde.

Secretaría: Laura María González-Dopeso Portela, funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia.

Vogal: José Carlos Cabaleiro Domínguez, pertencente ao corpo de profesores titulares de universidade da Universidade de Santiago de Compostela.

– Tribunal suplente:

Presidencia: Rodrigo Varela Gestoso, persoal estatutario pertencente á categoría profesional de técnico superior de sistemas e tecnoloxías da información do Servizo Galego de Saúde.

Vogal: Rafael Isaac Juanatey Mayán, funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, en substitución de Rodrigo Varela Gestoso.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2011.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda